



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía
Farmacéutica

Contido

TÍTULO PRELIMINAR.....	3
Artigo 1. Normativa aplicable.....	3
Artigo 2. Definición e denominación.....	3
Artigo 3. Adscrición e sede.....	3
TITULO I. DA ESTRUTURA E FUNCIONS DO DEPARTAMENTO.....	4
Artigo 4. Órganos do Departamento	4
Artigo 5. Funcións.....	4
TITULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO	5
Capítulo I. O Consello de Departamento	5
Artigo 6. Definición	5
Artigo 7. Composición.....	5
Artigo 8. Competencias	6
Artigo 9. Funcionamento	6
Artigo 10. Convocatorias e sesións.....	7
Artigo 11. Réxime de adopción de acordos	7
Artigo 12. Actas do Consello	8
Capítulo II. O director ou directora.....	9
Artigo 13. O director ou directora.....	9
Artigo 14. Competencias da dirección do departamento	10
Capítulo III. O secretario ou secretaria	11
Artigo 15. O secretario ou secretaria	11
Capítulo IV. A Comisión Permanente	11
Artigo 16. Composición.....	11
Artigo 17. Competencias	11
Artigo 18. Réxime de funcionamento	12
TITULO III. DA DOCENCIA.....	13
Artigo 19. A docencia.....	13

TITULO IV. DA INVESTIGACIÓN	14
Artigo 20. A investigación	14
TITULO V. DO REXIME ECONOMICO	15
Artigo 21. O orzamento	15
TITULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO.....	16
Artigo 22. A iniciativa	16
Artigo 23. O procedemento de reforma	16
Artigo 24. A aprobación da reforma	16
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	17
DISPOSICIÓN DERROGATORIA	17
DISPOSICIÓN DERRADEIRA	17

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Normativa aplicable

O Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, rexese polo presente Regulamento, polo Regulamento de creación, modificación e supresión de departamento, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, polos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

Artigo 2. Definición e denominación

O Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica é a unidade básica encargada da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación nos ámbitos de coñecemento que o integran que son a área de coñecemento de Farmacoloxía e á área de coñecemento de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica.

Artigo 3. Adscrición e sede

1. O Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica está adscrito a Facultade de Farmacia.
2. A sede do Departamento fíxase na Facultade de Farmacia.

TITULO I. DA ESTRUTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

Artigo 4. Órganos do Departamento

Son órganos de dirección do Departamento:

- a) O Consello de Departamento.
- b) O director ou directora.
- c) O secretario ou secretaria.

Artigo 5. Funcións

De conformidade co artigo 49 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela son funcións do Departamento:

1. A programación, desenvolvemento e seguimento de:
 - a) As ensinanzas asignadas ao ámbito ou ámbitos do coñecemento da súa competencia, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que impartan a docencia.
 - b) Os cursos de posgrao propio, de especialización e de formación continua.
2. O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador.
3. O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do departamento.
4. Promover a formación do persoal docente e investigador da Universidade.
5. A iniciativa ou, no seu defecto, o informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.
6. Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

TITULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Capítulo I. O Consello de Departamento

Artigo 6. Definición

O Consello é o órgano colexiado de goberno do Departamento.

Artigo 7. Composición

1. O Consello de Departamento, presidido polo seu director/ e no que actuará como secretario o do Departamento, estará composto por:

- a) Os doutores membros do departamento.
- b) Unha representación do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación que non excederá do 10% do total de membros.
- c) Unha representación do estudiantado do ámbito de docencia do Departamento, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento, o 10% corresponderalle ao estudiantado de grao e máster e o 15% ao estudiantado de doutoramento.
- d) Un representante do persoal de administración e servizos.

2. Cando a natureza dos asuntos o requira, o director/a do departamento, por propia iniciativa ou a instancia dun terzo dos membros do Consello, poderá convocar a calquera membro da comunidade universitaria que terá voz pero non voto.

3. As eleccións a membros do Consello de Departamento faranse conforme o disposto no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

4. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes que o serán por un ano. A condición de membro do Consello perderase ao cesar a vinculación co departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos propios do sector polo que se foi elixido.

5. A asistencia ás reunións do Consello constitúe un dereito e un deber dos seus membros e débense prever as medidas que favorezan a dita asistencia.

Artigo 8. Competencias

Correspóndelle ao Consello de Departamento:

- a) A elección do director/a e, de ser o caso, a proposta ao reitor ou reitora da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
- b) A planificación docente das materias das que sexa responsable o departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49 a) dos Estatutos da USC.
- c) O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos no artigo 49 liña b), dos estatutos USC.
- d) A formulación das demandas de persoal docente e investigador, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- e) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo departamento.
- f) A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- g) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- h) A promoción do perfeccionamento da docencia.
- i) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado así como a proposta, mediante sorteo, dos membros das comisións para a provisión de prazas de profesorado, cando sexa requirido para isto.
- j) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudantado.
- k) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou a lexislación vixente.

Artigo 9. Funcionamento

1. O Consello do Departamento actuará en pleno ou en comisión.
2. O Departamento establecerá cunha Comisión Permanente para tramitar as xestións ordinarias e resolver as cuestións que lle delegue o Consello de Departamento.
3. Excepcionalmente poderán constituírse, con carácter temporal, outras comisións para tratar temas específicos por encargo do Consello de Departamento.

Artigo 10. Convocatorias e sesións

1. O Consello de Departamento reunirse por iniciativa da dirección ou a pedimento dun terzo dos seus membros. En este último caso a reunión celebrarase nos 10 días lectivos seguintes á dita petición.
2. A convocatoria das sesións ordinarias do Consello será competencia do director/a ou de quen legalmente faga as súas funcións, notificándoa aos membros do Consello cunha antelación mínima de dous días. Sen prexuízo doutras formas de publicidade, dita notificación será persoal e remitirase por correo electrónico ao enderezo institucional dos seus membros.
3. Ás convocatorias ordinarias do Consello de Departamento deberán conter: lugar da reunión, data, hora, en primeira e segunda convocatoria, e orde do día. A orde do día será elaborada polo director/a do Departamento, asistido polo secretario. Na orde do día deberán incluírse aqueles asuntos que solicite un 10% dos membros do Consello na primeira reunión ordinaria do órgano que se convoque trala solicitude.
4. O Consello do Departamento reunirse de modo extraordinario convocado polo director/a por propia iniciativa cando a importancia ou a urxencia dos asunto a tratar así o requira notificándose aos membros cunha antelación mínima de dous días. Na orde do día destas sesións extraordinarias non se incluírán os puntos relativos a aprobación das actas, asuntos de trámite, informes ou rogos e preguntas.
5. As convocatorias axuntárase toda a documentación necesaria para a información dos seus membros, ou se indicará o lugar onde estará depositada para a súa consulta polos membros do Consello.
6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
7. As reunión do órgano, agás aquelas nas que o voto sexa secreto, celebraranse por videoconferencia para facilitar a asistencia dos membros do Consello que están no campus de Lugo.

Artigo 11. Réxime de adopción de acordos

1. O Consello presidirao o director/a ou quen legalmente o/a substitúa.
2. Para a válida constitución do Consello, será necesaria en primeira convocatoria a asistencia da metade máis un dos seus membros. De non se producir quórum na primeira convocatoria, o Consello constituirase na segunda convocatoria, sempre que estean presentes, polo menos, un 20% do total dos seus membros e, en todo caso, requírese a asistencia do director/a e do secretario/a ou de quen legalmente os substitúan.
3. As sesións ordinarias do Consello iniciaranse coa lectura polo secretario e a aprobación ou modificación da acta da última sesión ordinaria celebrada, así como das actas das sesións

extraordinarias celebradas dende a última sesión ordinaria do Consello. Seguidamente, se pasará ao exame, debate e, no seu caso, votación dos puntos establecidos na orde do día da convocatoria.

4. Corresponderá ao director/a establecer a orde de intervencións e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas obxecto de votación. No exercicio de dita competencia, poderá establecer unha orde cerrada de intervencións e asignar tempos determinados a cada unha delas, garantindo, polo menos, un dereito de replica por alusións.

5. Os acordos poderán adoptarse por:

a) Asentimento: cando realizada unha proposta polo director/a esta non suscita obxeccións ou oposición por ningún membro.

b) Por votación ordinaria ben a man alzada ou secreta. Será secreta cando se trate da elección do director/a, da avaliación de persoas concretas ou cando o solicite algún dos seus membros asistentes. O secretario fará o reconto e de seguido o presidente fará público o resultado.

6. Non se admitirá a delegación de voto nin o voto anticipado dos membros do Consello.

7. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos.

8. Para ser válida a adopción de acordos do Consello deberán acadar cando menos a metade máis un dos votos dos membros presentes, agás aqueles acordos para os que a normativa específica esixa outras maiorías.

9. Nas votacións nas que se produza empate o presidente deberá exercer o seu voto de calidade.

10. Os acordos do Consello de Departamento serán susceptibles de ser impugnados en alzada perante o Consello de Goberno da Universidade.

11. Cando se asista a distancia, os acordos se entenderán adoptados no lugar onde ten a sede o Departamento.

12. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poidan derivarse dos acordos.

13. Aquelas persoas que acrediten a titularidade dun interese lexítimo poderán dirixirse ao secretario do Consello de Departamento para que lles sexa expedida certificación dos seus acordos. A certificación será expedida por medios electrónicos, salvo que o interesado solicite expresamente que se expida en soporte papel.

14. O Consello de Departamento poderá invitar as súas reunións, para discutir ou informar de asuntos específicos, a calquera membro da comunidade universitaria.

Artigo 12. Actas do Consello

1. De cada sesión que celebre o Consello do Departamento levantárase acta polo secretario, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e

tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. A acta de cada sesión remitirase a través de medios electrónicos, a os membros do Consello de Departamento, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, a efectos de súa aprobación.

2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do Consello do Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o senso do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que á aporte no acto, ou no prazo que sinala o director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de 2 días, que se incorporará ao texto aprobado.

4. As actas asinadas polo secretario/a, co visto e praxe do director/a, serán sometidas á consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior, podendo non obstante emitir o secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se teñan adoptado, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

5. As actas serán encadernadas consonte coas instrucións dadas ao respecto pola Secretaría Xeral da USC.

Capítulo II. O director ou directora

Artigo 13. O director ou directora

1. O director/a representa ao Departamento, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. Á dirección do departamento corresponderalle por elección a un dos seus membros, que sexa profesor doutor con vinculación permanente á Universidade.

3. De non se poder levar a cabo o nomeamento do director/a do Departamento por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do reitor/a, encargarlle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor ou profesora do departamento, ou no seu defecto, doutro departamento, que teña o título de doutor e vinculación permanente á USC. Rematado o curso académico, convocaranse eleccións.

4. O director/a do Departamento será elixido polo Consello de Departamento, de acordo co Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, e nomearao o reitor/a.

5. O mandato de director/a será de catro anos e non se poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

6. O director/a do Departamento cesará ao remate do seu mandato, por dimisión, por disolución do Consello de Departamento que o elixiu ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta. A moción de censura deberá ser proposta polo menos por un terzo dos membros do órgano colexiado que o elixiu e terá que incluír un candidato alternativo. Se a moción de censura non acadara os votos necesarios considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo período de mandato.

No caso de que se presente unha moción de censura, o director/a ou quen faga as súas funcións terá que convocar un Consello Extraordinario con este único punto na orde do día, nun prazo máximo de 15 días hábiles. Este Consello estará presidido polo profesor ou profesora de maior categoría e maior antigüidade que sexa profesor/a doutor/a con vinculación permanente á Universidade. Exposta a moción de censura polo primeiro asinante, o director/a censurado disporá de media hora para responder ás censuras que se lle fagan, abríndose seguidamente unha quenda de intervencións por parte dos membros do Consello.

7. En caso de ausencia ou enfermidade o director/a será substituído con carácter temporal polo membro do Departamento de maior categoría e maior antigüidade que sexa profesor/a doutor/a con vinculación permanente á USC.

8. No caso de cesamento o reitor/a resolverá, con carácter xeral, a continuidade en funcións do anterior titular ata a elección da persoa que o substitúa.

Artigo 14. Competencias da dirección do departamento

1. Son competencias da dirección do departamento:

- a) A convocatoria e a presidencia do Consello de Departamento.
- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.
- c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos do Departamento.
- d) A execución das previsións orzamentarias.
- e) A proposta ao reitor/a do nomeamento de secretario/a do Departamento.

2. As competencias da dirección do Departamento esténdense a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento que non estean atribuídos a outros órganos.

Capítulo III. O secretario ou secretaria

Artigo 15. O secretario ou secretaria

1. O secretario ou secretaria do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento e, coma tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento. Tamén exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o director/a, ou lle encomende a lexislación vixente e os estatutos da USC.
2. O secretario/a será nomeado polo reitor/a, tras a proposta do director, entre o profesorado, os axudantes e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 do Departamento.
3. O secretario/a cesa por decisión do reitor/a, logo da proposta do director/a do Departamento ou por petición propia.

Capítulo IV. A Comisión Permanente

Artigo 16. Composición

1. O Departamento terá unha Comisión Permanente composta por:
 - a) O director ou directora do Departamento, que a presidirá e convocará.
 - b) O secretario ou secretaria do Departamento, que actuará como secretario/a.
 - c) Catro membros do Consello de Departamento, dos que como mínimo tres serán profesores, procurando que estean representadas as dúas áreas de coñecemento
 - d) O secretario administrativo ou secretaria administrativa do Departamento que actuará con voz pero sen voto.
2. Os membros da Comisión Permanente serán elixidos polo Consello de Departamento por un período de catro anos, coincidindo coa elección do director/a do Departamento ou antes por acordo do Consello de Departamento.

Artigo 17. Competencias

Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Asesorar ao director/a en todos os asuntos que este someta a súa consideración.
- b) Aprobar os informes de rutina sobre as tarefas docentes e investigadoras dos membros do Departamento.

- c) Emitir informes sobre a solicitude de permisos oficiais que comprendan máis de dez días lectivos.
- d) A solicitude de prazas de substitución pola vía de urxencia de profesores/as do Departamento.
- e) Dar o visto e prace á utilización de fondos do departamento para a cofinanciamento de bolsas.
- f) Aceptar as solicitudes dos bolseiros de colaboración e valorar os proxectos correspondentes.
- g) Dar o visto e prace á utilización do material e instalacións do Departamento para fins alleos ás actividades propias do Departamento ou por persoas non pertencentes ao mesmo.
- h) Autorizar a organización ou dispensa de cursos, congresos, conferencias ou seminarios co patrocinio do Departamento.
- i) Emitir calquera outro informe ou desenvolver calquera outra competencia que lle delegue de maneira expresa o Consello de Departamento.

Artigo 18. Réxime de funcionamento

1. A Comisión Permanente será convocada polo director/a, por decisión propia ou a petición dun terzo dos seus membros.
2. A Comisión Permanente celebrará as súas reunións na sede do Departamento en Santiago de Compostela, salvo que o Consello de Departamento determine o contrario.
3. As reunións da Comisión Permanente serán convocadas, polo menos, con dous días de antelación.
4. No referente ao quórum para a constitución da Comisión Permanente, votacións e acordos, farase coa presenza mínima da metade dos membros, e, en todo caso, a asistencia do presidente/a e secretario/a ou quen lles substitúa.
5. A Comisión Permanente adoptará os seus acordos por maioría simple dos seus membros.
6. De todas as reunións da Comisión Permanente o secretario/a redactará unha acta, na que se recollerán as circunstancias de tempo e lugar de celebración, a orde do día, a relación de asistentes e os acordos adoptados.
7. As actas da Comisión Permanente serán enviadas mediante correo electrónico aos membros do Consello de Departamento e referendadas no Consello de Departamento inmediatamente posterior.

TITULO III. DA DOCENCIA

Artigo 19. A docencia

1. O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade e será o responsable da docencia das materias establecidas nos programas de estudo que os centros lles encarguen, de conformidade coa normativa aprobada polo Consello de Goberno para a organización docente prevista no artigo 138 dos Estatutos da USC.
2. O Consello de Departamento, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá:
 - a) Fixar o programa das materias ao seu cargo e o réxime de titorías do profesorado.
 - b) Determinar as actividades esixidas polos planos de estudo.
 - c) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado.
 - d) Resolver calquera outra cuestión que esixa a normativa da USC ao respecto.
3. A distribución das obrigas docentes deberá contemplar a necesidade de cubrir todas as ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte de calquera dos membros do Departamento ao longo do curso.
4. O Departamento apoiará a posta en marcha de actividades na procura dunha mellora continua da calidade da docencia e da formación continua dos seus membros. O reparto da carga docente farase de acordo cos criterios xerais establecidos pola Universidade, procurando que esta sexa de maneira proporcionada e o máis equitativa posible. As obrigas docentes terán en conta de modo preferente a máis axeitada atención do alumnado e o campus de destino do profesorado.
5. O Departamento, ademais de participar na programación dos estudos de grao e máster, poderán organizar outros estudos que poidan dar dereito á obtención de certificados ou diplomas de especialización.
6. O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos, correspondéndolle ao Consello de Departamento aprobar a súa programación.
7. O profesorado que desexe organizar ou dispensar cursos, congresos, conferencias ou seminarios co patrocinio do Departamento, deberá contar coa aprobación previa do Consello de Departamento.
8. O uso de recursos ou infraestruturas do Departamento na organización de seminarios, conferencias, cursos ou congresos deberá ser posto en coñecemento do secretario/a do Departamento.

TITULO IV. DA INVESTIGACIÓN

Artigo 20. A investigación

1. O Departamento asume como un de seus obxectivos esenciais a investigación. A tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento dunha investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación.
2. A investigación é un deber e un dereito do persoal docente e investigador, dento dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.
3. O Departamento fomentará a constitución ou integración en grupos e redes de investigación nos que participen os seus investigadores. As relacións entre o Departamento e os grupos de investigación nos que participen os seus membros acomodaranse á normativa que a tal efecto aprrobe o Consello de Goberno da USC.
4. O Departamento fomentará a presentación de proxectos de investigación de forma institucional ou a título individual do persoal docente e investigador adscrito ao mesmo nas distintas convocatorias dos organismos públicos e privados, nacionais ou internacionais encargados de financiar a investigación, e colaborará na súa formalización.
5. O Departamento, a nivel institucional, e seu persoal docente e investigador, poderá promover contratos con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento, acordos coas normas e procedementos establecidos pola USC.
6. O Departamento manterá un rexistro actualizado da produción científica e do todos aqueles eventos relacionados coa actividade investigadora realizada polos seus membros no Departamento para o que os seus profesores deberán remitir anualmente a información precisa.
7. A actividade investigadora que realicen os membros do Departamento será adscrita e rexistrada no departamento para que sexa computada, a todos os efectos, como propia. A actividade investigadora que se canalice a través de institutos ou de outros órganos, non será asumida polo departamento.
8. A actividade investigadora dos bolseiros ou contratados con cargo a proxectos de investigación, será adscrita e rexistrada no Departamento naqueles casos en que o proxecto estea adscrito ao Departamento.
9. O Departamento disporá dunha relación do persoal que realice tarefas nas súas dependencias. A incorporación ao Departamento de estudantes, bolseiros ou contratados, deberá ser comunicada na secretaría polos profesores responsables.

TITULO V. DO REXIME ECONOMICO

Artigo 21. O orzamento

1. O Departamento contará cos seguintes recursos para atender as súas necesidades:
 - a) Os créditos que se lle concedan nos orzamentos da Universidade.
 - b) Calquera outro ingreso que poida percibir de acordo coas normas legais.
2. Será función da dirección a coordinación da utilización dos recursos e infraestruturas do Departamento, de acordo cos criterios que estableza o Consello de Departamento.
3. Unha vez coñecidos os presupostos anuais asignados ao Departamento, o director/a informará aos membros do Consello de Departamento do orzamento dispoñible para cada unha das áreas de coñecemento.
4. A distribución da partida asignada polos centros ás distintas áreas, farase no seo de cada área segundo os criterios polos que lle foron asignados.

TITULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 22. A iniciativa

A iniciativa para a reforma do presente regulamento deberá ser subscripta a lo menos polo 10% dos membros do Consello do Departamento e deberá ser dirixida á dirección mediante un escrito que deberá incluír o obxecto da reforma, o seu fundamento e o texto alternativo articulado que se propón ou, polo menos, as materias acerca das que se exerce e os preceptos cuxa reforma se propugna.

Artigo 23. O procedemento de reforma

1. Unha vez admitida a trámite a proposta de reforma, será comunicada a mesma e o texto alternativo a todos os membros do Consello de Departamento para que poida ser examinado e presentadas emendas durante un período mínimo de 15 días hábiles.

2. O proxecto de reforma e as emendas presentadas polos membros do Consello debateranse nunha sesión extraordinaria do Consello de Departamento convocada para tal efecto nun prazo máximo dun mes natural, a contar desde a presentación da iniciativa de reforma.

Artigo 24. A aprobación da reforma

1. Para a aprobación do proxecto de reforma requírese a maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

2. O proxecto de reforma do regulamento é aprobado polo Consello de Departamento e será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira. Corresponderá ao Consello de Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

Segunda. En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime Interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na lexislación xeral universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados, os regulamentos de réxime interno dos antigos departamentos: Departamento de Farmacoloxía e Departamento de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no taboleiro electrónico da USC trala aprobación polo Consello de Goberno da USC.

